



PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA DE USO RACIONAL DA TELEFONÍA MÓBIL PARA PAIS E NAIS POR MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ TESO, PRESIDENTA DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPA DE PONTEVEDRA, MÁIS JULIO CARMONA, VOGAL DA APDR COORDINADOR DA CAMPAÑA POLO UN USO RACIONAL DA TELEFONÍA MÓBIL.

APDR:

Esta campaña que recen iniciamos continua as chamadas de precaución e cautela ante o uso das novas tecnoloxías (especialmente as dirixidas a evitar o uso do teléfono móbil en menores), iniciadas fai dous anos pola **Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia**, de man do seu presidente o Dr. José Carro Otero, en distintos centros de ensino da comunidade. O folleto de educación sanitaria e ambiental no uso racional da telefonía móbil que presentamos:

- É unha ferramenta para traballar estes temas nas súas familias e nace da colaboración da APDR coa Federación de ANPA de Pontevedra e a Coordinadora Provincial contra a contaminación electromagnética de Pontevedra

- Intenta rachar co silencio imposto neste tema co discurso de “non pasa nada, non hai nada concluinte” que aínda persiste en moitas administracións públicas, discurso que o propio Parlamento Europeo o derradeiro 4 de setembro de este ano declarou OBSOLETO e que non ten en conta o coñecemento actual sobre a materia. De feito o Propio Parlamento Europeo, en base aos consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente e do Informe Bioiniciativa, declara que os límites de protección á exposición aos campos electro magnéticos da referencia comunitaria (vixentes no estado español) **non son válidos para a protección da saúde** especialmente en grupos sensíbeis como mulleres xestantes, recen nados e menores.

- O folleto baséase na liña de consenso na comunidade científica situada no principio de Precaución, explica os consellos a ter en conta no uso do teléfono móbil, evitar, limitar ou atrasar o seu uso en menores, e reducir a súa exposición no se uso (chamadas curtas, cambiar de orella de cando en vez, primar sistemas de mans libres, aproximar so despois de establecer a chamada, etc)

Este é un primeiro paso, xa que estamos a elaborar unha unidade didáctica coa colaboración de docentes para a súa introdución nos centros de ensino o vindeiro curso académico, axudando aos menores na súa adaptación ás novas tecnoloxías compatibilizándoas coa saúde.

Chamamos a pais e nais, especialmente nestas datas a ter presentes estes consellos, xa que os menores son máis vulnerábeis e non necesitan o móbil.

FANPA-PONTEVEDRA:

A Federación colabora coa APDR na campaña por un uso racional da telefonía móbil nos nenos, de xeito que se pasará ó igual que o curso pasado información a tódalas ANPA federadas e faranse campañas de concienciación, e a través de cursos que faremos sobre o uso controlado da internet polos nenos e darlle ós pais as directrices para ese control e nestes cursos tamén falaremos da telefonía móbil con charlas por parte dalgún responsable da APDR.

Animamos a tódalas ANPA da Provincia a participar, **os nosos nenos e a súa saúde deben ser o máis importante para nós.**

Pontevedra 17.12.08

Enlaces para o folleto:

CARA A:

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/FOLLETO%20EDUCACION%20MOBIL/FOLLETO%20EDUCACION%20M%20C3%93N%20M%20C3%93BIL%20CARA%20A.GIF>

CARA B:

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/FOLLETO%20EDUCACION%20MOBIL/FOLLETO%20EDUCACION%20M%20C3%93N%20M%20C3%93BIL%20CARA%20B.GIF>